



Código do documento	Código do expediente
USG12I00TF	USG/2018/153
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3L00 6V03 245E 1651 0MSU	

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 18 DE SETEMBRO DE 2018

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día dezaioito de setembro do dous mil dezaioito, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARIA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a MARIA DEL CARMEN VARELA CORBELLE
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS
D^a MARTA MARIA IGLESIAS BECERRA
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a MARTA MARIA FIGUEROA FUENTES
D. MIGUEL SUAREZ GARCIA
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ

Polo Grupo Municipal do PARTIDO POPULAR

D. ANTONIO CAÑAS VARELA
D^a LUCIA ISABEL FARIÑAS SEOANE
D^a MARIA OFELIA RAMOS LUNA
D. JAIME MOSCOSO MUÍÑOS

Polo Grupo Municipal de ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

D^a MARIA ALICIA FERREIRO VARELA
D. CARMELO CORTES SANCHEZ
D^a. NURIA CARBALLEDA FEIJOO

Polo Grupo Municipal da MAREA VECIÑAL DE CULLEREDO

D. JOSE JUAN SANTOS IGLESIAS
D. MANUEL ISIDRO TAIBO GAGO

Polo GRUPO MIXTO

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO (BNG)
D. JESUS MANUEL VAZQUEZ LOZANO (CIDADÁNS), (que se incorpora á sesión no momento que se expresa na presente acta)

Non asiste á sesión a sra. Concelleira non adscrita, dona Verónica Rivadulla Deschamps.

Asiste á sesión o interventor municipal accidental, don Roberto Babío Fernández, e da fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

Código do documento	Código do expediente
USG12I00TF	USG/2018/153
Código de Verificación Electrónica (COVE)  3L00 6V03 245E 1651 0MSU	

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

ASUNTO ÚNICO.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DE DONA LUCÍA ISABEL FARIÑAS SEOANE E DON JAIME MOSCOSO MUÍÑOS, CONCELEIROS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

A continuación a señora Secretaria dá conta á Corporación dos escritos de renuncia aos seus cargos de concelleira e concelleiro municipais, respectivamente, do grupo do Partido Popular, presentados por dona Lucía Isabel Fariñas Seoane e don Jaime Moscoso Muíños, en data 10 de setembro de 2018 e da proposta do señor alcalde-presidente, de data 17 de setembro de 2018, que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA AO PLENO

Visto o escrito presentado pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, dona Lucía Isabel Fariñas Seoane, de data 10 de setembro de 2018 (entrada 10.09.2018, número de rexistro 2018/8658) no que expón que por motivos de carácter laboral vese obrigada a renunciar ao cargo de concelleira e solicita lle sexa aceptada e tramitada a súa renuncia a dito cargo.

Visto o escrito presentado por don Jaime Moscoso Muíños, concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, de data 10 de setembro de 2018 (entrada 10.09.2018, número de rexistro 2018/8659), no que expón que por motivos de carácter persoal vese obrigada a renunciar ao cargo de concelleiro e solicita lle sexa aceptada e tramitada a súa renuncia a dito cargo.

Considerando que o artigo 9 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, contempla que o concelleiro de calquera entidade local perderá a súa condición, entre outras causas, por renuncia que deberá facerse por escrito ante o Pleno da Corporación.

Considerando que a Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de réxime electoral xeral, dispón no seu artigo 182 que en caso de falecemento, incapacidade ou renuncia dun concelleiro, o escano atribuirase ao candidato ou, no seu caso, ao suplente da mesma lista a quen corresponda atendendo a súa orde de colocación.

Considerando que o artigo 19.1 da citada Lei orgánica no seu apartado l) dispón que entre outras competencias, corresponde á Xunta Electoral Central expedir as credenciais aos/ás concelleiros/as en caso de renuncia, unha vez rematado o mandato das xuntas electorais provinciais e de zona.

Considerando que o mandato das xuntas electorais provinciais e de zona concluíu aos cen días despois das eleccións (artigo 15.2 da LOREG), polo que procede remitir as actuacións á Xunta Electoral Central como órgano competente da Administración electoral, tal e como determina a Instrución da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003.

Procede, polo tanto, que o Pleno tome coñecemento das renuncias presentadas e se dea conta de todo á Xunta Electoral Central para que expida as credenciais aos candidatos seguintes da lista do Partido Popular a quenes corresponda.

Por todo iso, PROPOÑESE:

Primelro.- Tomar coñecemento do escrito de renuncia presentado por dona Lucía Isabel Fariñas Seoane ao cargo de concelleira desta Corporación elixida no proceso electoral celebrado o día 24 de maio de 2015.

Segundo.- Tomar coñecemento do escrito de renuncia presentado por don Jaime Moscoso Muíños ao cargo de concelleiro desta Corporación elixido no proceso electoral celebrado o día 24 de maio de 2015.

Terceiro.- Comunicar esta circunstancia á Xunta Electoral Central propoñéndolle que expida as credenciais a favor de dona María Nieves Vázquez Grela e don Ignacio Manuel Amil Lareo, membros integrantes da candidatura do Partido Popular presentada nas eleccións celebradas o 24 de maio de 2015 cos números 5 e 6 respectivamente, ou en caso de renuncia deles ou dalgún do/s candidato/s seguintes da dita lista electoral, a quen corresponda atendendo a súa orde de colocación."

Aberta a quenda de intervencións fai uso da palabra o alcalde-presidente, don José Ramón Rioboo Castro, e di que en nome propio e de todos os compañeiros do seu grupo municipal, e cre que en nome tamén de toda a Corporación, quere dar moitas grazas á señora concelleira dona Lucía Isabel Fariñas Seoane e ao señor concelleiro don Jaime Moscoso Muíños polos servizos prestados durante os últimos anos.

(neste momento incorpórase á sesión o Sr. concelleiro don Jesús Manuel Vázquez Lozano)

Seguidamente solicita o uso da palabra a señora concelleira dona Lucía Isabel Fariñas Seoane quen, unha vez concedido, di que vai falar no seu nome e no do seu compañeiro don Jaime Moscoso, comezando a súa intervención dicindo que no seu caso, despois de máis ou menos 10 anos formando parte desta Corporación, chegou o momento de poñer punto e final a esa etapa da súa vida; que tomar esa decisión foi difícil pero que en ocasións é necesario dar un xiro e centrarse noutros aspectos da vida; que en primeiro lugar, quixeran disculparse se nalgún momento cometeron algún fallo ou ofenderon a alguén de forma voluntaria, pois a política ás veces ten estas cousas; que cando tomou posesión como concelleira, un integrante do Grupo Socialista deulle un consello que tivo presente ata o día de hoxe, e que foi que a oposición está enfrente e o inimigo está en casa, considerando que tiña razón en parte xa que efectivamente ela non considerou aos seus adversarios como inimigos senón como oposición e que por todo iso queren dar as grazas a todos os membros desta Corporación, presentes e pasados, sendo un honor compartir con eles a representación de todos os veciños de Culleredo.

Continúa a súa intervención dicindo grazas a todos os seus compañeiros do Grupo Popular, a Caamaño, a Barbeito, a Jordi, a José Luís, a Marisa, a Nieves, a Manolo e actualmente a Antonio e a Ofelia; que saben que este tamén é un momento complicado pero saben tamén que eles, os dous, saberán afrontalo; agradece tamén a todos os funcionarios do Concello, podendo contar sempre coa súa axuda ao longo destes anos, e grazas especialmente as súas familias e amigos pois sen eles tería sido imposible chegar ata este momento.

Remata a súa intervención desexando a todos, independentemente do partido no que estén, grandes éxitos no seu labor defendendo os dereitos dos veciños de Culleredo e recordando simplemente unha frase que a eles sempre lles di o presidente Feijoo, que é que éxito unicamente aparece antes que traballo no dicionario.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 17 de setembro de 2018, que resulta aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía, de data 17 de setembro de 2018, que devén en acordo nos termos transcritos.


E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e catro minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,

O Alcalde-Presidente

(asinado dixitalmente)

PASTOR NOVO, PILAR MARÍA
Secretaria Xeral
24/09/2018 12:17


RIOBOO
CASTRO, JOSE
RAMON
Alcalde-
Presidente

